



## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### SANTIAGO DE COMPOSTELA

*Convocatoria de subvenciones y ayudas públicas*

#### CONVOCATORIA BECAS COMEDOR ESCOLAR, MATERIAL Y ACTIVIDADES

BDNS(Identif.):623548

De conformidad con lo previsto en los artículos 17.3.b y 20.8.a de la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, General de Subvenciones, se publica el extracto de la convocatoria cuyo texto completo puede consultarse en la Base de Datos Nacional de Subvenciones (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/623548>).

#### CONVOCATORIA BECAS COMEDOR ESCOLAR, ADQUISICIÓN DE MATERIAL ESCOLAR Y ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES. CURSO 2022-2023

##### Título

Extracto del acuerdo de la XGL, sesión extraordinaria urgente del 27 de abril de 2022, del Ayuntamiento de Santiago de Compostela, por la que se convocan ayudas destinadas a la concesión de becas de comedor, adquisición de material escolar y realización de actividades extraescolares para el alumnado de los centros docentes públicos y concertados sostenidos con fondos públicos de Educación Infantil (segundo ciclo) y de Educación Primaria Obligatoria del Ayuntamiento de Santiago de Compostela, para el curso 2022-2023.

##### Texto

De conformidad con lo previsto en los artículos 17.3 b y 20.8.a de la Ley 38/2013, de 17 de noviembre, General de Subvenciones, se publica el extracto de la convocatoria cuyo texto completo puede consultarse en la Base de Datos Nacional de Subvenciones (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/GE/es/convocatorias>).

Asimismo, las Bases de la convocatoria también se podrán consultar en la Concejalía de Políticas Sociales y Salud, y en la página web del Ayuntamiento de Santiago de Compostela ([www.santiagodecompostela.gal](http://www.santiagodecompostela.gal)).

##### Primero.-Objeto.

Regular el procedimiento para la concesión de becas de comedor, adquisición de material escolar y realización de actividades extraescolares a las unidades familiares y de convivencia del Ayuntamiento de Santiago de Compostela que tengan personas menores de edad a su cargo escolarizadas en centros docentes públicos o concertados sostenidos con fondos públicos de Educación Infantil (segundo ciclo) y de Educación Primaria Obligatoria del Ayuntamiento de Santiago de Compostela, y que estén matriculadas o tengan reserva de plaza para el curso 2022-2023, de conformidad con los principios de publicidad, transparencia, concurrencia, objetividad, igualdad y no discriminación.

##### Segundo.-Beneficiarias.

Las unidades familiares y de convivencia (progenitores solicitantes y menores beneficiarios) empadronadas en el Ayuntamiento de Santiago de Compostela, con personas menores a su cargo escolarizadas en los centros docentes públicos o concertados del municipio sostenidos con fondos públicos, que cursen Educación Infantil (segundo ciclo) o Educación Primaria Obligatoria.

##### Tercero.-Bases reguladoras.

Bases de ejecución del Presupuesto del Ayuntamiento de Santiago de Compostela vigentes, y las bases reguladoras incorporadas a esta Convocatoria.

##### Cuarto.-Cuantía:

- Becas para unidades familiares y de convivencia con escasez de recursos económicos:

a) Becas de comedor: se abonarán 90 €/mes, salvo que el importe sea inferior a dicha cuantía; en ese caso se abonará el importe justificado. Período temporal: 10 meses, septiembre 2022 - junio 2023.

b) Becas de realización de actividades extraescolares: se abonarán hasta 15 €/mes (para el caso de actividades de 1 hora o día a la semana) y hasta 30 €/mes (para el caso de actividades desde 2 horas o días a la semana), salvo que el importe sea inferior a dichas cuantías. En ese caso se abonará el importe justificado. Período temporal: 9 meses, octubre 2022 - junio 2023.

c) Becas de adquisición de material escolar: hasta un máximo de 60 € (pago único), dependiendo del gasto justificado.

- Becas de comedor para la conciliación de la vida personal, familiar y laboral. Se concederán hasta 120 becas, por importe de 45,00 €/mes. Período temporal: septiembre 2022 - junio 2023.

#### **Quinto.-Plazo de presentación de solicitudes.**

Las solicitudes se presentarán en el plazo de 10 días hábiles, contados a partir del siguiente a la publicación de la convocatoria en el Boletín Oficial de la Provincia.

SANTIAGO DE COMPOSTELA

28/4/2022

XOSÉ A. SÁNCHEZ BUGALLO

### **CONVOCATORIA BOLSAS COMEDOR, MATERIAL E ACTIVIDADES**

BDNS(Identif.):623548

De acordo co disposto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publíquese o extracto da convocatoria, cuxo texto completo se pode atopar na Base de Datos Nacional de Subvencións (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/623548>).

### **CONVOCATORIA BOLSAS COMEDOR ESCOLAR, ADQUISIÓN DE MATERIAL ESCOLAR E ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES. CURSO 2022-2023.**

#### **Título**

Extracto do acordo da XGL, sesión extraordinaria urxente do 27 de abril do 2022, do Concello de Santiago de Compostela, pola que se convocan axudas destinadas á concesión de bolsas de comedor, adquisición de material escolar e realización de actividades extraescolares para o alumnado dos centros docentes públicos e concertados sostidos con fondos públicos de Educación Infantil (segundo ciclo) e de Educación Primaria Obrigatoria do Concello de Santiago de Compostela, para o curso 2022/2023.

#### **Texto**

De conformidade co previsto nos artigos 17.3 b e 20.8.a de a Lei 38/2013, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, publíquese o extracto da convocatoria cuxo texto completo pode consultarse na Base de Datos Nacional de Subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/GE/es/convocatorias>).

Asemade, as Bases da convocatoria tamén se poderán consultar na Concellería de Políticas Sociais e Saúde, e na páxina web do Concello de Santiago de Compostela ([www.santiagodecompostela.gal](http://www.santiagodecompostela.gal)).

#### **Primeiro.-Obxecto.**

Regular o procedemento para a concesión de bolsas de comedor, adquisición de material escolar e realización de actividades extraescolares ás unidades familiares e de convivencia do Concello de Santiago de Compostela que teñan persoas menores de idade ao seu cargo escolarizadas en centros docentes públicos ou concertados sostidos con fondos públicos de Educación Infantil (segundo ciclo) e de Educación Primaria Obrigatoria do Concello de Santiago de Compostela, e que estean matriculadas ou teñan reserva de praza para o curso 2022/2023, de conformidade cos principios de publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade e non discriminación.

**Segundo.-Beneficiarias.**

As unidades familiares e de convivencia (proxenitores solicitantes e menores beneficiarios) empadroadas no Concello de Santiago de Compostela, con persoas menores ao seu cargo escolarizadas nos centros docentes públicos ou concertados do municipio sostidos con fondos públicos, que cursen Educación Infantil (segundo ciclo) ou Educación Primaria Obrigatoria.

**Terceiro.-Bases reguladoras.**

Bases de execución do Orzamento do Concello de Santiago de Compostela vixentes, e as bases reguladoras incorporadas a esta Convocatoria.

**Cuarto.-Contía.**

- Bolsas para unidades familiares e de convivencia con escaseza de recursos económicos:

a) Bolsas de comedor: aboaranse 90 €/mes, salvo que o importe sexa inferior á devandita contía; nese caso abonarase o importe xustificado. Período temporal: 10 meses, setembro 2022 - xuño 2023.

b) Bolsas de realización de actividades extraescolares: abonarase ata 15 €/mes (para o caso de actividades de 1 hora ou día á semana), e ata 30 €/mes (para o caso de actividades dende 2 horas ou 2 días á semana), salvo que o importe sexa inferior a ditas contías. Neste caso aboarase o importe xustificado. Período temporal: 9 meses, outubro 2022 - xuño 2023.

c) Bolsas de adquisición de material escolar: ata un máximo de 60 € (pago único), dependendo do gasto xustificado.

- Bolsas de comedor para a conciliación da vida persoal, familiar e laboral. Concederanse ata 120 bolsas, por importe de 45,00 €/mes. Período temporal: setembro 2022 - xuño 2023.

**Quinto.-Prazo de presentación de solicitudes.**

As solicitudes presentaranse no prazo de 10 días hábiles contados a partir do seguinte á publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

SANTIAGO DE COMPOSTELA

28/4/2022

XOSÉ A. SÁNCHEZ BUGALLO

2022/2311